



# Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaria Cameán

**CULLEREIROS (*Platalea leucorodia*)**

**NO SACO DE FEFIÑÁNS (*Cambados*)**

*Sexades benvidas ao Saco de Fefiñáns, vós, albas averramias, cullereiros de prominentes mandíbulas, mantelo branco e polainas mouras que procedentes de lontananzas arribades a estes paradisos galaicos na procura de neles morar para neles degustar as saborosas pitanzas que satisfagan esa gran razón da vosa existencia: comer para vivir...*



*vivir para refulxir... e refulxindo lucir esas inmáculas alburas aos ollos dos que amamos as siluetas emplumes. Que esta vosa estadia nestes mares cambadianos vos sexa propicia en farturentos ágapes: grilos mariños, lorchos, queimacasas, conas de vella... que sei eu; todo o que se mova, emerxa e remexa entre as augas das pucharquiñas nos devalos mareiros deste Saco de Fefiñáns, úbedo e abondoso en dietas e mantenzas Plataleanas. Bo proveito!!*



# Paxaros e pluma

Fotos de Álvaro Rodríguez Pomares e textos de Xoán Santamaria Cameán

CULLEREIROS (*Platalea leucorodia*)  
NO SACO DE FEFIÑANS (Cambados)

